
Orzamentos Xerais do Estado 2018



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.gal

Orzamentos Xerais do Estado - 2018

Desde que a política monetaria está a cargo do Banco Central Europeo, os orzamentos son a principal ferramenta de política económica coa que conta o goberno. Neles non só se determinan as súas políticas, senón os fondos dispoñíbeis para levalas a cabo, e a procedencia deses fondos.

Tanto a procedencia dos ingresos, como o destino do gasto, marcan unha forma de facer política. A maioría dos ingresos proceden da recadación tributaria; concretamente o 60%, segundo o previsto nestes orzamentos para 2018. Porén, non é o mesmo que esta proceda, maioritariamente, de impostos directos que indirectos, nin é o mesmo que teñan un maior peso as rendas do traballo ou as do capital.

No que atinxe aos gastos, destinar máis ou menos gastos a política social, inflúe directamente na vida das persoas, e se isto se fai dunha forma equitativa, a reducir as desigualdades sociais.

Os gastos de capital, sobre todo o investimento público, é a principal ferramenta do goberno para paliar as diferenzas entre as distintas comunidades. E así un longo etcétera de accións que evidencian a importancia das contas públicas.

Tamén a cantidade de diñeiro público que se espalle pola economía pode ser determinante, máxime nun momento de incerteza económica onde a iniciativa privada non remata de despegar, e a achega de fondos públicos pode ser concluínte na recuperación económica e de emprego. Polo tanto, tan importante é canto se gasta, como como se gasta e como se ingresa.

Para este ano en curso, o montante global dos Orzamentos Xerais do Estado acada os 451.118,99 millóns de euros, un 1,8% máis que no ano 2017. Esta cantidade prevese acadar nun escenario de ralentización da actividade económica. Ao PIB estímase un crecemento do 2,7% neste ano, cando no ano 2017 rematou cun incremento do 3,1%, 4 décimas menos. A esta ralentización vai contribuír tanto a demanda interna como a externa. O consumo, tanto público como privado, vai minorar o crecemento, o mesmo que a Formación Bruta de Capital, que pasa dun 5,5 a un 4,5% de crecemento. A demanda externa tamén se ralentiza; tanto as exportacións como as importacións se incrementan menos que no ano 2017.

Neste escenario, o emprego vese prexudicado. Se o ano 2017 rematou, no Estado español, cun medre da ocupación do 2,8%, no ano 2018 estímase que o medre sexa do 2,5%.

O que si parece que vai medrar máis que no ano 2017 é a inflación, xa que se espera que remate o ano cun medre dos prezos do 1,5%, 5 décimas máis que no ano 2017.

As políticas aplicadas nos últimos anos, fundamentalmente en temas laborais, levaron, entre outras consecuencias, a unha deterioración do mercado de traballo, a un forte incremento da precariedade laboral, que se manifesta nunha redución dos salarios medios dos traballadores e traballadoras. Esta redución trae como resultado unha ralentización do consumo, que loxicamente frea o medre do PIB, xa que o consumo é o compoñente de maior peso na composición do PIB.

Os efectos son claramente visíbeis neste cadro macroeconómico, onde -como vimos- se produce unha "freada" en todos os compoñentes do PIB.

Ante isto, o Goberno central presenta unhas contas continuístas. Non se aprecia ningún cambio nas súas políticas. A nivel laboral, a política de fomento do emprego é a mesma: formación e bonificar a contratación, coas mesmas liñas que en anos anteriores.

Anúnciase un medre do gasto social, que, cando se analizan polo miúdo as distintas partidas, é o medre do gasto en pensións (tanto en pensións propiamente ditas como en dotación do fondo de reserva) o que leva a meirande parte do medre orzamentado de gasto social. Non se trata polo tanto de ningunha aposta nova, senón de atender as obrigas que se teñen coas persoas que perciben pensión, ás que, por certo, a maioría do medre que se lles vai aplicar é do 0,25%. O aumento desta partida débese maioritariamente ao aumento das persoas pensionistas e ao efecto substitución das pensións.

A partida de desemprego redúcese; acceso á vivenda, redúcese; a de dependencia, se temos en conta que no ano 2017 unha parte quedou sen executar, estamos falando de cantidade similares ás deste ano... En resumo, non podemos falar precisamente dunha aposta polo social.

No caso dos investimentos de capital, e para Galiza, está sendo un auténtico retroceso. Neste ano só van medrar os fondos un 1,3%, cando de media o incremento é do 17,8%, sen esquecer que durante 2017 os fondos destinados a Galiza, a través do investimento público, se reduciran un 32%.

Tampouco o Fondo de Compensación Interterritorial compensa este desequilibrio, xa que a dotación para 2018 é un 4,1% inferior que no ano anterior.

Non son pois unhas contas que vaian contribuír a mellorar a situación dos galegos e galegas, máis ben todo o contrario.

Debullando os datos do orzamentos, e comezando pola recadación total, como dixemos anteriormente provén nun 60% de tributos; transferencias da UE e endebedamento compoñen, basicamente, o resto dos ingresos.

A necesidade de novo endebedamento para o ano 2018 está estimada en 150.218,11 millóns de euros, un 0,5% menos que no ano anterior. É o segundo capítulo, despois dos impostos directos, que máis achega ás arcas do Estado.

Ingresos por capítulos. Datos en millóns de euros.				
Capítulos	2017	2018	Variación 18/17	
			Absoluta	%
I. Impostos directos	202.722,58	210.024,87	7.302,29	3,6
II. Impostos indirectos	44.532,00	47.191,00	2.659,00	6,0
III. Taxas, prezos e outros ingresos	11.922,65	14.643,86	2.721,21	22,8
IV. Transferencias correntes	11.716,81	12.223,10	506,29	4,3
V. Ingresos patrimoniais	6.272,51	5.965,76	- 306,75	-4,9
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	277.166,55	290.048,59	12.882,04	4,6
VI. Alleamento de investimentos reais	337,63	233,12	- 104,51	-31,0
VII Transferencias de capital	2.707,59	2.917,99	210,40	7,8
T. INGRESOS NON FINANCEIROS	280.211,77	293.199,70	12.987,93	4,6
VIII. Activos financeiros	11.879,09	7.703,51	- 4.175,58	-35,2
TOTAL INGRESOS	292.090,86	300.903,21	8.812,35	3,0
Necesidade de endebedamento	151.042,47	150.218,11	- 824,36	-0,5
TOTAL INGRESOS	443.133,33	451.121,63	7.988,30	1,8

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2018.

Sen ter en conta os ingresos financeiros (fundamentalmente débeda pública), o 87,7% dos ingresos proceden de impostos e cotizacións sociais. No ano 2018 estímase que estes ingresos acaden os 141.497,87 millóns de euros, un 4,1% máis que no ano 2017.

Dentro dos impostos directos, o que máis achega é o IRPF, con 85.056 millóns de euros, seguido do imposto sobre sociedades, con 24.251 millóns.

No que atinxe aos impostos indirectos, o IVE é o de maior peso. Para o ano 2018 estímase unha recadación de 24.258 millóns de €.

O resto dos impostos achegan unha recadación residual. Estes datos dannos unha aproximación ao importante peso que as rendas do traballo teñen na recadación fiscal; ou o que é o mesmo, a existencia dun nesgo fiscal moi favorábel cara ás rendas do capital.

O destino destes ingresos, por capítulos, é como segue:

Capítulo	2017	2018		Var. 18/17
	Importe	Importe	% total	
I. Gastos de persoal	22.080,22	22.519,57	5,0	2,0
II. Gastos en bens correntes e de servizos	7.805,59	8.164,56	1,8	4,6
III. Gastos financeiros	32.266,24	31.602,25	7,0	-2,1
IV. Transferencias correntes	237.875,95	246.279,31	54,6	3,5
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	300.028,00	308.565,69	68,4	2,8
V. Fondo de continxencia	2.367,92	2.396,68	0,5	1,2
VI. Investimentos reais	6.649,72	7.635,92	1,7	14,8
VII. Transferencias de capital	9.398,06	9.356,51	2,1	-0,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	16.047,78	16.992,43	3,8	5,9
T. GASTOS NON FINANZEIROS	318.443,70	327.954,80	72,7	3,0
VIII. Activos financeiros	36.667,48	41.748,13	9,3	13,9
IX. Pasivos financeiros	88.022,15	81.416,06	18,0	-7,5
TOTAL GASTOS FINANZEIROS	124.689,63	123.164,19	27,3	-1,2
Total orzamento	443.133,33	451.118,99	100,0	1,8

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2018.

O 18% do Orzamento destínase a amortizar débeda (81.416,06 millóns de euros). Se a isto se engaden os 31.602,25 millóns (7% do orzamento) que se prevén destinar ao pagamento de xuros, o 25 % do total do Orzamento Xeral do Estado para 2018 vai destinarse a pagamento da débeda e os gastos derivados desta.

Centrándonos nos gastos non financeiros, o capítulo de gasto máis importante é o IV, transferencias correntes. Nel anótanse tanto as que se transfiren a familias como ao resto das administracións territoriais. Neste capítulo, son de salientar pola súa importancia, tanto cuantitativa como cualitativa, as transferencias a familias vía pensións.

O capítulo de gastos de persoal acada os 22.519,57 millóns de euros, o 5% do total. Con respecto ao ano 2017 medra un 2%. Neste incremento vai incluída a suba salarial do persoal funcionario, un 1,6%.

Ás operacións de capital destínanse 16.992,43 millóns de euros. Nelas están incluídas tanto o investimento directo do Estado (capítulo VI) como as transferencias de capital (capítulo VII) que fai este a organismos públicos (exemplo ADIF) ou empresas privadas para investir en bens de capital.


Máis que a contía global, neste caso interesa saber canto lle corresponde a Galiza por esta vía, Para iso, achegamos o investimento público distribuído por comunidades.

Investimento público por comunidades. Millóns de euros.

Investimento público por comunidades. Millóns de euros.				
			Variación	
	2017	2018	Absoluta	Porcentual
Andalucía	1.156,76	1.477,45	320,69	27,7
Aragón	343,65	407,13	63,48	18,5
Asturias	211,25	232,82	21,57	10,2
Baleares	148,05	171,67	23,62	16,0
Canarias	270,28	281,54	11,26	4,2
Cantabria	199,93	272,09	72,16	36,1
Castela e León	991,49	1.002,14	10,65	1,1
Castela a Mancha	428,40	589,40	161,00	37,6
Catalunya	1.149,58	1.349,59	200,01	17,4
Estremadura	303,50	385,55	82,05	27,0
Galiza	924,64	936,79	12,15	1,3
Madrid	1.050,56	1.247,31	196,75	18,7
Murcia	272,58	340,62	68,04	25,0
Navarra	79,00	56,44	-22,56	-28,6
A Rioxa	75,51	63,20	-12,31	-16,3
Valencia	589,18	740,36	151,18	25,7
Euscadi	381,43	509,05	127,62	33,5
Melilla	37,12	37,86	0,74	2,0
Ceuta	29,52	27,17	-2,35	-8,0
T. rexionalizábel	8.597,43	10.128,18	1530,75	17,8
Non rexionalizábel	4.244,32	4.662,60	418,28	9,9
Estranxeiro	25,71	31,94	6,23	24,2
TOTAL	12.867,46	14.822,72	1955,26	15,2

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2018.

O gráfico é moi ilustrativo sobre a posición de Galiza no *ranking* de investimento do Estado.



En conxunto, o chamado investimento rexionalizábel, que está repartido entre as distintas comunidades (hai unha parte que ao afectar a máis dunha comunidade non se rexionaliza), está dotado con 10.128,18 millóns de euros, un 17,8% máis que no ano anterior. Porén, o investimento público previsto para Galiza só se estima que medre un 1,3%, polo que nin sequera acada os 1.000 millóns de euros.

Como se aprecia no gráfico, Galiza é quinta comunidade cun medre menor. Esta tendencia agrávase se temos en conta que no ano 2017 os fondos destinados a investimento público en Galiza se reducirán un 32,9%, e fora a terceira comunidade onde máis descendera o investimento.

Así, o investimento previsto para este ano é de 936,79 millóns de euros.

Navarra, A Rioxa e Ceuta perden fondos con respecto a 2017, e Castela e León, cun incremento do 1,1%, son as 4 comunidades con peor posición relativa -a respecto de 2017- que Galiza.

Tampouco a través do Fondo de Compensación Interterritorial se compensa a situación anterior.

Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). Millóns de euros.			
	2017	2018	Variación
Galiza	44,34	42,51	-4,1
Andalucía	160,34	160,92	0,4
Asturias	13,6	14,16	4,1
Cantabria	5,4	5,26	-2,6
Murcia	21,88	21,66	-1,0
Valencia	54,85	52,3	-4,6
Castela a Mancha	34,07	35,01	2,8
Canarias	46,73	50,14	7,3
Estremadura	25,05	25,09	0,2
Castela e León	19,35	18,77	-3,0
	425,61	425,82	0,0

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2018.

O FCI é un fondo destinado a gastos de investimento, que por definición vai destinado a corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade.

Como un dos criterios que máis peso outorgan ao Fondo é o de poboación, e como en Galiza a perda de poboación é unha constante nos últimos anos, cada ano percibimos menos ingresos por esta vía. Para este 2018 apenas están previstos 42,51 millóns de euros, un 4,1% menos que no ano anterior. No ano 2017 xa perderamos un 1,5% deste fondo. Somos a segunda comunidade onde máis descendeu a contía desta partida no ano 2018.

Nos anos anteriores á crise a dotación deste fondos para Galiza superaba os 200 millóns de euros. O investimento público non é o que se debía esperar para Galiza, xa que existe un atraso importante en importantes obras, nomeadamente o AVE.

Tan importantes como os gastos en investimentos -que permiten recortar as diferenzas entres as distintas comunidades do Estado- son os gastos sociais, xa que estes permiten reducir as diferenzas entre as persoas ou os distintos colectivos que compoñen a sociedade.

Dentro dos gastos sociais, inclúense pensións, fomento do emprego, desemprego... tamén sanidade e educación, pero estes dous últimos, ao estaren maioritariamente transferidos ás comunidades, teñen pouco peso no orzamento estatal.

No caso da sanidade a partida máis importante é a destinada ao mutualismo administrativo, é dicir, asistencia sanitaria do persoal da administración que non opta pola seguridade social (MUFACE, etc.), que absorbe máis do 50% desta partida. En conxunto, medra un 3,9% con respecto a 2017.

Dentro da partida de educación, o 60% (1.575 millóns) é o orzamento para bolsas de estudo. No seu conxunto, a partida de educación medra un 3%.

Principais partidas en gastos sociais. Datos en millóns de euros.

	Variación			
	2017	2018	absoluta	relativa
Pensións	139.646,72	144.834,31	5.187,59	3,7
Outras prestacións económicas	13.511,90	14.388,37	876,47	6,5
Servizos e promoción social	2.408,13	2.512,09	103,96	4,3
Fomento do emprego	5.499,25	5.716,14	216,89	3,9
Desemprego	8.318,31	17.702,18	- 616,13	-3,4
Acceso a vivenda	474,54	473,39	- 1,15	-0,2
Xestión e administración da seguridade social	14.287,73	18.630,69	4.342,96	30,4
(1) PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	94.146,58	204.257,17	10.110,59	5,2
Sanidade	4.093,48	4.251,5	158,02	3,9
Educación	.523,82	2.00,01	76,19	3,0
Cultura	802,69	837,65	34,96	4,4
(29 PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	7.419,99	7.689,16	269,17	3,6
GASTO SOCIAL (1)+(2)	201.566,57	211.946,33	10.379,76	5,1

Fonte: Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado 2018.

Dentro dos programas de promoción e protección social –nos que se dá un aumento do 5,2% con respecto a 2017-, é de salientar a partida destinada a pensións, con 144.834,31 millóns. Aquí inclúense tanto as pensións contributivas como as non contributivas.

No que atinxe ás pensións contributivas, a dotación estimada é de 127.100 millóns de euros, un 3,5% máis que en 2017. Neste importe inclúense tanto as novas persoas pensionistas, como a variación da pensión media e mais a revalorización das pensións, que como norma xeral se sitúa no 0,25%, coas seguinte excepcións:

- Un 3% para as persoas perceptoras de pensións mínimas.
- Para as persoas perceptoras de pensións contributivas inferiores a 9.800 € anuais, o medre será do 1,5%, e daquelas que non superen os 12.040 €, dun 1%.
- As pensións non contributivas van medrar un 3%.
- As de viuvez para maiores de 65 anos, sen outros ingresos, medran un 2%.

Hai que pór de manifesto que estas excepcións foron acadadas grazas á forte presión que exerceron as persoas pensionistas, coas súas mobilizacións, xa que de entrada o incremento era de apenas un 0.25% para todas elas.

Noutras prestacións económicas inclúense o conxunto de prestacións orientadas a compensar as rendas salariais deixadas de percibir ante a imposibilidade temporal de traballar, tanto por razóns que afectan directamente á persoa traballadora (enfermidade, maternidade, paternidade...), como por razóns alleas á súa vontade, como quebra da empresa entre outras. En conxunto, medra un 6,5% con respecto a 2017.

O 91% desta partida é absorbido polas baixas por IT.

O destinado a FOGASA tamén se inclúe nesta partida. Para o ano 2018 estímase un gasto de 797,41 millóns, un 25% menos que nos orzamentos para 2017, mais -segundo se describe nos orzamentos deste ano- o gasto en 2017 por este concepto foi de 591 millóns, aínda que estaban orzamentados máis de 1.000 millóns, polo que preto do 50% do previsto previamente non se deu executado. Logo, hai un medre nesta partida.

Dentro da partida de servizos e promoción social, orzamentada en 2.512,09 millóns de euros (un 4,3% máis que en 2017), o programa máis importante é o de atención á dependencia. Para este ano 2018 estímase un gasto de 1.401 millóns de euros, un 3,4% máis que no ano anterior. Pero falamos sempre de proxecto de gasto. De feito, no ano 2017 quedaron sen executar neste programa 44 millóns de euros, equivalente ao incremento previsto nese ano, é dicir, no ano 2017 non aumentaron os gastos destinados a dependencia.

Para o ano 2018, para facer o cálculo, parten dos incrementos do orzamento previsto o ano anterior, e non do realmente executado.

A fomento do emprego destínanse 5.716,14 millóns, un 3,9% mais que en 2017. A partida máis importante deste grupo é a destinada a inserción e incentivación da contratación, con 3.327 millóns orzamentados, dos cales 1.936 millóns se destinan a bonificación da contratación de persoas traballadoras desempregadas; 2.284 para formación e 4 millóns para a economía social

Os fondos destinados a desemprego redúcense un 3,4% con respecto a 2017, 616 millóns de euros menos. A redución no número de persoas perceptoras, así como o cada vez maior peso das persoas cobrando subsidio en vez da prestación contributiva, explican esta caída.

Por segundo ano, a partida que máis medra é a de xestión e administración da Seguridade Social, xa que nela se inclúe o “empréstimo” do Estado á SS para dotar o fondo de reserva, que neste ano vai acadar os 15.164 millóns de euros.

En resumo, o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 revela que se trata duns orzamentos totalmente continuístas, e non son percibe ningún cambio que poida virar a grave situación de desamparo en que está unha parte importante da poboación: as pensións, maioritariamente, conxélanse; os gastos en protección por desemprego diminúen; o mesmo no que toca cos de acceso á vivenda; para fomento do emprego continúaase coas mesmas políticas que en anos precedentes; para dependencia practicamente se destinan os mesmos fondos que no ano anterior (tendo en conta a parte que non se executou), e iso que medra cada ano, polo menos en Galiza, o número de persoas en lista de espera e coa dependencia recoñecida...

E, finalmente, os gastos do investimento público previsto para Galiza retrotráennos a épocas do pasado, pola súa catividade en canto a dotación orzamentaria.

Natividad López Gromaz (Gabinete técnico confederal)

19 de abril de 2018